

Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**

**MUNICIPAL**

**PORRIÑO, O**

**Persoal, oposicións**

Concello do Porriño  
**TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES**

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 15-12-2022

Data final de exposición: 15-02-2023

O Porriño, a de de

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RESOLVENDO RECURSOS DE REPOSICIÓN CONTRA SISTEMA SELECTIVO DE CONCURSO-OPOSICIÓN ADMINISTRATIVO C1**

**ANUNCIO**

No expediente nº. 2443/2021 o Alcalde do Concello do Porriño ditou o Decreto número: 2022-2945 de data 29-11-2022, que ten o seguinte contido:

“DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

**EXPEDIENTE NÚM.: 2443/2021.**

Visto as Bases do proceso selectivo para cubrir definitivamente, polo sistema de concurso-oposición, unha praza vacante da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1, reservada a funcionarios de carreira, contida na oferta de emprego público de 2019 e na vixente Plantilla de persoal e Relación de Postos de Traballo co código de posto nº 01.01.00.02, aprobadas por Decreto da Alcaldía número: 2021-1548 de data 05-07-2021, ditado no expediente nº. 2443/2021, publicadas no boletín Oficial da provincia de Pontevedra núm. 151 de 9 de agosto do 2021.

Visto que por escrito rexistrado de entrada co núm. 2021-E-RE-4165, de data 02-09-2021, Carlos Igrexas Martínez, DNI \*\*\*3690\*\*, que di actuar como responsable do sector de Adm. Local da CIG-ADM. PÚBLICA, solicita que as bases para cubrir unha praza de administrativo/a mediante o sistema de concurso-oposición, (publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, núm. 151, do 9 de agosto de 2021) se corrixan e se proceda a unha nova publicación esencialmente polo seguinte motivo: “Recentemente, o TSX de Galicia, resolveu un caso idéntico do concello do Rosal (sentenza 00132/2021) polo que anulou un proceso xa finalizado de selección dunha praza de auxiliar administrativo/a por realizarse polo sistema de concurso-oposición, ao considerar que este sistema é contrario a dereito por tratarse dunha praza de administración xeral. Concluindo que debería de optarse polo sistema de oposición e obrigando a dito concello que proceda a anular o proceso e repetilo de novo.”

Visto que mediante escrito rexistrado de entrada co núm. 2021-E-RE-4262 e data 08-09-2021, CARLOS NEIRA CORTIZAS, con DNI núm. \*\*\*6591\*\*, impugna as referidas bases, no relativo á fase de concurso e ao baremo de méritos por experiencia profesional, xa que a base 10.1.1<sup>a</sup> establece un criterio desigual para a experiencia acreditada no Concello do Porriño (0,20 puntos

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:UA099WID7UD05ZT



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

por cada ano ou fracción superior a 6 meses de tempo traballado) e noutras Administracións Públicas (0,10 puntos) e discriminatorio que non é conforme a Dereito e lesionan os dereitos de igualdade e igualdade no acceso á función pública, amparados constitucionalmente, e

**SOLICITA:**

1. Se declare a nulidade da cláusula 10.1.1ª das referidas bases. 2. Se retrotraia o procedemento ao momento en que deben aprobarse e publicarse as novas bases que rexan a convocatoria. 3. Se estableza nas nunhas novas bases a igualdade de tratamento en canto ao baremo do mérito de experiencia profesional entre todas as entidades locais, con independencia da entidade concreta na que se teñan prestado os servizos acreditados. 4. A abertura dun novo prazo de presentación de solicitudes de participación, toda vez que o anuncio da convocatoria impugnada foi publicado no Boletín Oficial do Estado do 7 de setembro de 2021, abrindo o prazo de presentación para todas as persoas interesadas, entre as que me inclúo.

Visto que por escrito rexistrado de entrada con núm. 2021-E-RE-4306, de data 09-09-2021, DAVID BALADO CASTRO, con DNI núm. \*\*\* 0775\*\*, recorre en reposición as citadas bases por entender que non se axustan a dereito, son prexudiciais aos seus intereses e dos demais interesados, e fundamentalmente polos seguintes motivos que as fan totalmente nulas:

1º). Son nulas porque o sistema que se estable na base 2ª de concurso-oposición é contrario a dereito por tratarse dunha praza de administración xeral de funcionario de carreira cando o sistema correcto é ordinario de oposición.

2º). Son nulas porque o prazo de 20 DÍAS NATURAIS establecido na Base 7ª vai en contra do que di o artigo 30 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. (...)

Polo exposto, SOLICITA: Que se teña por presentado este escrito, e se teña por interposto en tempo Recurso de reposición e que se dite resolución na que se declare a nulidade das bases da convocatoria e se realicen unhas novas bases nas que se corrixa todas as irregularidades exposta neste recurso e se publiquen legalmente abrindo un novo prazo de vinte días hábiles para presentación de solicitudes.

Considerando que con respecto aos devanditos escritos formulados por Carlos Igrexas Martínez e por Carlos Neira Cortizas, se ben os seus propios redactores non os cualifican como recurso de reposición, pois un fala de proposta e outro de solicitude, examinados os seus contidos se desprende a súa verdadeira finalidade impugnatoria xa que ao pretender a anulación das bases da convocatoria (BOPPO núm. 151, do 9-08-2021), indican que atopámonos ante unha auténtica impugnación das mesmas polo cal a natureza de tales escritos é a de recursos administrativos, que procede cualificarse como recursos de reposición, posto que de seu contido se deduce este verdadeiro carácter en aplicación do disposto no artigo 115.2 da LPACAP, que introduce o principio pro actione no réxime de recursos administrativos, ao establecer que o erro ou ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: UA009WID7U0B05ZT



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

Considerando que como Carlos Igrexas Martínez recorre en representación da persoa xurídica Adm. Local da CIG-ADM. PÚBLICA, sen acreditar tal representación, o recurso debe ser inadmitido por tal causa consonte ao establecido no artigo 5.3 da LCAPAP, non obstante verase atendido, de forma indirecta, ao valorarse o recurso de David Balado Castro que tamén pide a nulidade das bases da convocatoria.

Considerando que consonte ao previsto no artigo 52.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local a Resolución pola que se aproban as bases que rexen a convocatoria dun proceso selectivo é un acto administrativo que pon fin á vía administrativa, que se atopa sometido ao réxime xeral de impugnación contra este tipo de actos, polo que fronte ao mesmo cabe interpor un recurso potestativo de reposición, ou ben, acudir directamente á formular o oportuno recurso contencioso-administrativo, a tenor do disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

Considerando que como as bases da convocatoria que se recorren foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 151, do 9 de agosto de 2021, os recursos de reposición foron presentados dentro do prazo de 1 mes previsto no artigo 124.1 da LPACAP.

Considerando que se ben os recursos non foron resoltos dentro do referido prazo o Concello está obrigado a ditar resolución expresa sen vinculación algunha ao sentido do silencio segundo o disposto no artigo 21 e 24.3 da LPACAP.

Considerando que conforme dispón o artigo 123 da LPACAP, os recursos de reposición interpostos lle corresponde resolvelos ao Sr. Alcalde por ser o órgano que ditou o acto administrativo recorrido.

Considerando que respecto dos sistemas selectivos do persoal funcionario de carreira, o artigo 61.6 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece:

- “Los sistemas selectivos de funcionarios de carrera serán los de oposición y concurso-oposición que deberán incluir, en todo caso, una o varias pruebas para determinar la capacidad de los aspirantes y establecer el orden de prelación.”

Considerando que así mesmo, o artigo 57 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego de Galicia, dispón:

- “O persoal funcionario de carreira seleccionárase ordinariamente polo sistema de oposición ou polo sistema de concurso-oposición. Só en virtude de norma con rango de lei pode aplicarse, con carácter excepcional, o sistema de concurso.”

Considerando que se ben da redacción dos citados preceptos, despréndese que para a selección do persoal funcionario de carreira poderían empregarse, de forma ordinaria, tanto o sistema de oposición como o sistema de concurso-oposición, as Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 132/2021 de 3 de marzo e a máis recente núm. 352/2022, de 4 de

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: UJA009WID7U0B05ZT



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

maio (recurso apelación 508/2021), que resolvendo casos similares ao recorrido, establecen que na selección de prazas da escala de administración xeral nas administración locais se debe empregar, con carácter ordinario, o sistema selectivo de oposición e non o de concurso-oposición, e así esta última se pronuncia no seguinte senso:

- “Pues bien, con independencia de que, en efecto, en el artículo 61.6 del Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP), al igual que hacía la derogada Ley 7/2007, de 12 de abril, el concurso-oposición se convierte en un sistema ordinario junto con el de oposición, para la selección de personal funcionario al servicio de la Administración Pública, ello no permite que la Administración pueda escoger con absoluta libertad entre uno u otro, sino que, teniendo en cuenta que el concurso-oposición se caracteriza por tratarse de un procedimiento que consiste en la superación de las pruebas correspondientes y, en su caso, del curso selectivo de formación, así como en la posesión previa, debidamente valorada, de determinadas condiciones de formación, méritos o niveles de experiencia (como así se recoge en el artículo 38.1 del Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, y antes en la Ley 4/1988, de 26 de mayo, es evidente que la Administración acudirá a este proceso selectivo en razón de los cometidos que lleven aparejados los puestos de trabajo cuya cobertura sea objeto de convocatoria.
- En todo caso, nos movemos en el terreno de la selección de personal al servicio de la Administración Local que cuenta con su propia normativa como es la que se contiene en el Real Decreto 896/1991, de 7 de junio, por el que se establecen las reglas básicas y los programas mínimos a que debe ajustarse el Procedimiento de Selección de los Funcionarios de Administración Local, en cuyo artículo 2 se dice que “El ingreso en la Función Pública Local se realizará, con carácter general, a través del sistema de oposición, salvo que, por la naturaleza de las plazas o de las funciones a desempeñar, sea más adecuada la utilización del sistema de concurso-oposición o concurso”.
- Ciertamente la naturaleza de las funciones a desempeñar en un puesto de trabajo se trata de un elemento de especial consideración por parte de la Administración a la hora de elegir el procedimiento selectivo adecuado para seleccionar al personal que haya de ocupar el puesto de trabajo de que se trate, de manera que es la propia normativa aplicable, antes citada, la que permite que la entidad local pueda optar por uno de los tres procedimientos selectivos, de oposición libre, concurso-oposición y concurso, según exija la naturaleza de las plazas o de las funciones a desempeñar. Esto mismo sucede cuando se trata de la selección de personal funcionario al servicio de la Administración. Pero es que el contenido del artículo 2 del Real Decreto 896/1991, de aplicación al caso objeto de enjuiciamiento en esta alzada, pone de manifiesto que la oposición era el sistema ordinario de ingreso, quedando reservado el concurso-oposición para supuestos en que conviene atender a las funciones que se van a desarrollar.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: UA009WID7U0B05ZT



- Ahora bien, respecto de este último, no se puede desconocer que las plazas convocadas en el proceso selectivo a que se refiere esta litis están enmarcadas en la escala de la Administración General, siendo así que en el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, se caracterizan las funciones que corresponden a los funcionarios de la escala de Administración general como las comunes al ejercicio de la actividad administrativa. Ya más específicamente para las plazas pertenecientes a la subescala de auxiliar administrativo el mismo artículo en su apartado d) determina que “Pertenece a la Subescala Auxiliar de Administración General, los funcionarios que realicen tareas de mecanografía, taquigrafía, despacho de correspondencia, cálculo sencillo, manejo de máquinas, archivo de documentos y otros similares”.
- Con la lectura de este precepto se puede comprobar que estas actividades forman parte de las funciones generales propias de un auxiliar administrativo que, como en este caso, va a prestar servicios en una Administración Pública y que por esa razón se mantiene encuadrado en la escala de Administración General, denominándose el puesto como puesto de auxiliar de servicios generales, sin que entonces exista justificación suficiente que permita a la Administración acudir al sistema de concurso-oposición, abandonado el sistema ordinario de oposición. [...]
- En consecuencia, y habiendo optado la Administración demandada por el sistema de concurso-oposición para la cobertura de tres puestos de trabajo que no representan unas plazas de carácter singular, procede la estimación del recurso de apelación interpuesto contra la sentencia que confirma el acto impugnado y la estimación de la demanda promovida con anulación de la resolución administrativa atacada.”

Considerando que as motivacións das precitadas Sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia resulta igualmente aplicable as prazas de persoal funcionario administrativo de Administración xeral e consecuentemente á praza obxecto de convocatoria que estando encadrada na escala de Administración Xeral lle corresponde o desempeño de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa, e así mesmo, respecto do seu contido funcional, a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello do Porriño (RPT), asigna ao posto de Administrativo con código nº 01.01.00.02, as seguintes funcións principais:

- Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios do departamento, nos termos do disposto na propia RPT e co alcance sinalado pola normativa de aplicación para o persoal pertencente á subescala administrativa de administración xeral.
- Asumir a responsabilidade da clasificación e arquivo de documentos e expedientes.
- Levar a cabo actividades administrativas, con arranxo a instrucións recibidas ou normas existentes.
- Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.
- Realizar tarefas de atención ó público en xeral.



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

- Colaborar na conformación e seguimento dos trámites administrativos dos expedientes.
- Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Considerando as devanditas funcións contempladas na RPT, á praza obxecto de convocatoria lle correspondería o desempeño de funcións comúns ao exercicio da actividade administrativa e propias da subescala administrativa de administración xeral, polo que o sistema selectivo a empregar debería ser, en aplicación da fundamentación contida nas referidas Sentenzas, o de oposición e non o de concurso-oposición.

Considerando que o RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Civís da Administración xeral do Estado, dispón, no seu artigo 18.1, o seguinte:

- “La solicitud para participar en los procedimientos de ingreso, ajustada al modelo oficial aprobado por la Secretaría de Estado para la Administración Pública, deberá presentarse en el plazo de veinte días naturales a partir del siguiente al de publicación de la convocatoria respectiva en el «Boletín Oficial del Estado.»

Considerando que non obstante o anterior, o artigo 30.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, establece:

- “Siempre que por Ley o en el Derecho de la Unión Europea no se exprese otro cómputo, cuando los plazos se señalen por días, se entiende que éstos son hábiles, excluyéndose del cómputo los sábados, los domingos y los declarados festivos.
- Cuando los plazos se hayan señalado por días naturales por declararlo así una ley o por el Derecho de la Unión Europea, se hará constar esta circunstancia en las correspondientes notificaciones.”

Considerando que o establecido no artigo 30.2 da Lei 39/2015 posterior ao RD 364/1995 que a maior abastamento non posúe rango de Lei, o prazo de presentación de solicitudes para participar no proceso selectivo debe ser de 20 días hábiles.

Vistos os preceptos e sentencias citadas, e a demais normativa concordante e de xeral aplicación; e de conformidade cos informes que consta no expediente cuxas motivacións se reproducen nesta resolución, esta Alcaldía,

### RESOLVE

**PRIMEIRO.-** Inadmitir o recurso que formulado por Carlos Igrexas Martínez, non obstante este recurso verase atendido de forma indirecta ao resolver seguidamente sobre o recurso presentado por David Balado Castro que tamén pide a nulidade das bases da convocatoria.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: UA009WID7U0B06ZT



Mércores, 14 de decembro de 2022

Núm. 237

**SEGUNDO.-** Estimar o recurso de reposición presentado por David Balado Castro e, en consecuencia, anular as citadas bases para a cobertura definitiva dunha praza vacante da Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, grupo C, subgrupo C1, reservada a funcionarios de carreira, contida na oferta de emprego público de 2019 e na vixente Plantilla de persoal e Relación de Postos de Traballo co código de posto nº 01.01.00.02, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 210, de 2 de novembro de 2021.

**TERCEIRO.-** Retrotraer as actuacións ao momento anterior ao de ditar a resolución aprobando as devanditas bases da convocatoria, ordenado realizar as actuacións necesarias para a aprobación de novas bases conforme ao recurso estimado, a normativa vixente e xurisprudencia menor citada.

**CUARTO.-** Desestimar o recurso presentado por Carlos Neira Cortizas impugnando as referidas bases, no relativo á fase de concurso, toda vez que a estimación do referido recurso de reposición formulado David Balado Castro comporta a anulación íntegra das bases da convocatoria nos termos antes expostos.

**QUINTO.-** Notificar en legal forma esta resolución aos recorrentes e publicala, para coñecemento dos demais interesados, no BOPPO e no taboleiro da Sede Electrónica e no taboleiro físico de Edictos do Concello de O Porriño, e de forma complementaria na páxina web municipal [www.oporrino.org](http://www.oporrino.org)."

O que se publica para coñecemento dos interesados no procedemento, significándolles que contra a resolución anteriormente expresada, que pon fin á vía administrativa, poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O Porriño na datade sinatura electrónica o alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: UA009WID7U0B05ZT



